

## MEMORIA PARA A SOLICITUDE DO TÍTULO DE EXPERTA/O EN

### Edición

A cadea do libro: deseñar, executar e resolver proxectos editoriais

<input checked="" type="checkbox"/> Nova Solicitud	<input type="checkbox"/> Reedición	Num. Edición:
<input type="checkbox"/> Programa modular	<input type="checkbox"/> Interuniversitario	

CURSO ACADÉMICO: 2024-2025

Promotor/a do título: Ana Luna Alonso

Teléfono de contacto: 986812064

Correo electrónico de contacto: aluna@uvigo.gal

Centro organizador: Facultade de Filoloxía e Tradución

**Data de aprobación no centro:** Faga click para engadir unha data

Teléfono de contacto:

Correo electrónico de contacto:

## 1. DATOS XERAIS

### 1.1.DATOS BÁSICOS

NÚMERO DE CRÉDITOS QUE TEN QUE SUPERAR O ESTUDANTE: 16 ECTS Nº DE CRÉDITOS TEÓRICOS: 7 ECTS Nº DE CRÉDITOS PRÁCTICOS: 8 ECTS Nº DE CRÉDITOS DE PRÁCTICAS EXTERNAS: 0H <input type="checkbox"/> Prácticas externas obrigatorias Nº DE CRÉDITOS TRABALLO FIN DE TÍTULO (TFT): 1 ECTS		
NÚMERO DE CRÉDITOS QUE OFERTA O TÍTULO: 16 ECTS Nº DE CRÉDITOS OBRIGATORIOS: 16 ECTS Nº DE CRÉDITOS OPTATIVOS: 0 ECTS ESPECIALIDADES (no caso de ofertarse): 1) 2) 3) 4)		
ÁMBITO DE COÑECEMENTO: Humanidades		
DATA DE INICIO: 09/09/2024		
DATA DE REMATE: 24/01/2025		
DATA PARA A DEFENSA DO TFT: Non procede		
MODALIDADE: Mixta		
Nº DE HORAS SÍNCRONAS PRESENCIAIS: 60H Nº DE HORAS SÍNCRONAS VIRTUAIS: 60H Nº DE HORAS DE PRÁCTICAS EXTERNAS: H		
NÚMERO DE PRAZAS:           Mínimo 20                           Máximo 25		
COORDINADOR/A ACADÉMICO: Ana Luna Alonso		
LUGAR (CENTRO) DE IMPARTICIÓN: Facultade de Filoloxía e Tradución PLATAFORMAS VIRTUAIS TELEDOCENCIA: Moovi		
LINGUAXE DE IMPARTICIÓN: Galego		
WEB DO TÍTULO: <a href="http://eafp.uvigo.gal/gl/campus-aberto/titulos-propios/">http://eafp.uvigo.gal/gl/campus-aberto/titulos-propios/</a>		
DENOMINACIÓN DO TÍTULO EN CASTELÁN:Experta/o en Edición		
DENOMINACIÓN DO TÍTULO EN INGLÉS:Expert Degree in Publishing		

## 1.2. TÍTULOS DO PROGRAMA MODULAR

Título de experto/curso avanzado de posgrao	ECTS
Título de experto/curso avanzado de posgrao	ECTS
Título de experto/curso avanzado de posgrao	ECTS
Título de experto/curso avanzado de posgrao	ECTS
Título de experto/curso avanzado de posgrao	ECTS
Título de experto/curso avanzado de posgrao	ECTS
Título de experto/curso avanzado de posgrao	ECTS

## 1.3. COLABORACIONES EXTERNAS

<input type="checkbox"/> Interuniversitario	Universidades colaboradoras: 1) 2) 3)
<input type="checkbox"/> Convenios con entidades non universitarias	Outras entidades: 1) 2) 3)
<input type="checkbox"/> Subvencións externas	Entidades que subvencionan: 1) 2) 3)
<input type="checkbox"/> Contratos de patrocinio	Entidades que patrocinan o título: 1) 2) 3)

REPRESENTANTE ENTIDADE EXTERNA COLABORADORA:

ENTIDAD/INSTITUCIÓN:

TELÉFONO:

CORREO-E:

REPRESENTANTE ENTIDADE EXTERNA COLABORADORA:

ENTIDAD/INSTITUCIÓN:

TELÉFONO:

CORREO-E:

*Engadir as filas necesarias para cada unha das universidades ou entidades colaboradoras*

## 2. XUSTIFICACIÓN DO TÍTULO

### 2.1. BREVE DESCRICIÓN DO TÍTULO

O título propio de Experta/o en Edición ten como obxectivo que o alumnado adquira as competencias profesionais necesarias básicas que lle permitan incorporarse ao mundo laboral por conta propia ou allea, tanto para traballar nunha ou para unha editorial, coma para prestar servizos editoriais a outras entidades que poden incorporar entre as súas actividades a edición, como por exemplo, museos, servizos de publicacións, institucións públicas etc.

O título divídese en cinco materias que seguen todas as fases da cadea de valor do libro. Logo dunha introdución ao sector da edición en Galicia e aos perfís profesionais que se dan neste mercado, o estudiantado irá coñecendo unha a unha as diferentes fases da cadea de produción dun libro, dende a concepción dos contidos e o deseño do libro como obxecto, até a xestión de dereitos e equipos de traballo, pasando pola corrección dos textos e das probas de imprenta, así como a comercialización e comunicación do produto.

A docencia combina teoría e práctica. Esta última realízase a partir de textos e proxectos reais de editoras profesionais que están no mercado galego.

### 2.2. OBXECTIVOS DO TÍTULO

- Formar o alumnado na edición de libros e outros materiais afíns, tanto en formato impreso coma dixital, para ofrecer servizos editoriais profesionais
- Familiarizar o alumnado cos diferentes ámbitos da edición (comercial, institucional, académica e educativa)
- Capacitar o alumnado para a toma de decisións motivada e xustificada en calquera das tarefas relacionadas coa edición
- Dotar o alumnado das competencias necesarias básicas para incorporarse ao mundo laboral no sector editorial
- Formar o alumnado na xestión de equipos de distintos profesionais (ilustración, tradución, autoría...) segundo as características de cada proxecto editorial
- Capacitar o alumnado para facer escollas adecuadas de deseño editorial e impresión atendendo ás características de cada proxecto de edición
- Crear no alumnado unha motivación pola calidade e a profesionalidade
- Proporcionar ao alumnado ferramentas para o emprendemento no sector do libro
- Dotar o alumnado de coñecementos sobre a relevancia do sector do libro, en particular, nas industrias culturais en Galicia e destas en xeral

#### O título divídese en cinco materias:

1. **O sector do libro en Galicia:** este módulo abrangue, entre outros, os contidos seguintes: relevancia do sector dentro das industrias culturais, datos socioeconómicos da produción editorial en Galicia (facturación, emprego...), políticas editoriais e fluxos de importación/exportación (a relevancia da tradución), a cadea do valor do libro, editoras presentes no mercado (perfís, relación, etc.), perfís ligados á produción editorial, asociacións profesionais, políticas públicas de promoción do libro e da lectura etc.
2. **Produción editorial:** este módulo, que se centra máis na vertente intelectual da publicación e na xestión do proxecto, abrangue, entre outros, os contidos seguintes: inicio dun proxecto editorial, a importancia do catálogo e da súa coherencia, formación e xestión de equipos multidisciplinares, dereitos de autoría e propiedade intelectual, estimación económica dun proxecto editorial etc.

3. **Deseño editorial:** o módulo de deseño abrangue todas as cuestións relativas á vertente máis material do libro, dende as artes gráficas (encadernación, tipos de papel, impresión etc.) até a composición dos textos (partes do libro, deseño, relación texto-imaxe, tipografías etc.).
4. **Preedición e preimpresión:** na parte de preedición, estudaranse e practícanse os distintos procedementos aos que se someten texto e imaxe antes de entrar en produción, así como as ferramentas e recursos dispoñibles. A preimpresión abordará as distintas fases de control de calidade polas que pasa unha publicación antes de entrar definitivamente en imprenta, con particular atención á revisión de galeradas e probas de tinta.
5. **Comercialización e comunicación:** o último módulo corresponde ao peche da cadea de valor e nel estudaranse, entre outros temas, cales son as canles de distribución do libro (distribuidoras, librarías, eventos, bibliotecas...), como funciona a publicidade e o márketing dun libro, e que ferramentas de comunicación existen.

### 2.3. XUSTIFICACIÓN SOCIAL

Trátase do primeiro título propio de Experta/o en Edición emitido por unha universidade pública galega. Desde a desaparición hai máis de dez anos do mestrado interuniversitario de edición coordinado desde a USC, ningunha universidade volveu ofrecer formación específica nesta área. As persoas que actualmente se queren formar neste sector teñen que recorrer a cursos de entidades privadas ou mestrados ofertados por universidades de fóra de Galicia.

A demanda social vén avalada pola importancia do sector do libro en Galicia. Segundo datos do último barómetro da cultura galega elaborado polo Consello da Cultura de Galicia (datos relativos a 2022, dispoñible en <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4472>), documento que describe o estado, evolución, necesidades e perspectivas das empresas culturais galegas, o sector do libro é a segunda actividade de maior peso na nosa cultura.

Ademais de todo isto, cómpre ter en conta que Vigo é a quinta cidade do Estado español en produción editorial (atendendo á concentración de empresas por número de habitantes), polo que, ao cursar esta formación na Universidade de Vigo, o alumnado estará nun contexto idóneo no que vivir de preto o mundo da edición.

### 2.4. PERFIL DE EGRESO:

1. Capacidade para xestionar un proxecto editorial dende o principio até a fin: dende o concepto até a súa comercialización
2. Capacidade para xestionar e coordinar un equipo multiprofesional para un proxecto editorial
3. Capacidade para facer unha estimación económica dun proxecto editorial
4. Coñecementos básicos en deseño e maquetación editorial
5. Coñecementos básicos en edición de textos
6. Coñecementos sobre os diferentes ámbitos de edición e as súas particularidades
7. Capacidade para preparar texto e imaxe para a súa posterior edición
8. Capacidade para avaliar a calidade dunha publicación antes da súa entrada en imprenta
9. Habilidade para empregar os recursos e estratexias de márketing precisas para comunicar o carácter diferencial dunha publicación

## 2.5. COMPETENCIAS:

CÓDIGO	COMPETENCIA
CE1	Coñecer os diferentes elos da cadea de valor do libro
CE2	Coñecer as características do sector editorial galego
CE3	Saber xestionar un proxecto editorial
CE4	Saber coordinar un equipo formado por diferentes profesionais do eido da edición
CE5	Ser capaz de avaliar a calidade dunha publicación e dun catálogo editorial
CE6	Coñecer en que consiste a composición de libros e saber executala a nivel elemental
CE7	Coñecer as características e funcionamento das artes gráficas
CE8	Dominar os recursos e estratexias de márketing precisas para a comunicación dun produto editorial
CE9	Saber preparar textos e documentos para a súa posterior edición
CE10	Saber calcular os tempos e custos precisos para desenvolver correctamente un proxecto de edición tanto en papel coma dixital
CE11	Saber tomar decisións axeitadas nas escollos da execución material da publicación
CE12	Saber executar os controis de calidade precisos antes de que unha publicación entre en impresión
CT1	Comprender a importancia estratéxica do sector do libro na economía galega
CT2	Coñecer as dinámicas das industrias culturais en Galicia
CT3	Coñecer formas de emprendemento dentro da economía social

*Lenda dos códigos: CB (Competencia Básica), CG (Competencia Xeral), CT (Competencia Transversal), CE (Competencia Específica)*

## 2.6. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA NA UVIGO

Actualmente, non hai na Universidade de Vigo ningunha oferta formativa específica para edición. Os contidos máis próximos trátanse en diversas materias de tradución editorial no grao de Tradución e Interpretación e mais no Máster para a Comunicación Internacional.

## 3. DESTINATARIOS:

### 3.1. PERFIL DE INGRESO

#### PERFIL DE INGRESO:

- Estar en posesión dun título universitario dentro do EEES que outorgue o acceso a ensinos oficiais de posgrao.
- Estar en posesión dun título estranxeiro, alleo ao EEES, homologado a un título universitario oficial do EEES.

En ambos os casos, calquera titulación, preferentemente da área de Humanidades, ben que para o ingreso tamén se valorarán aquelas persoas que, tendo un perfil doutra área, demostren a idoneidade mediante formación específica ou experiencia profesional

#### REQUIRIMENTOS DE ACCESO AO TÍTULO :

- Ter superados un mínimo de 120 ECTS nunha titulación universitaria oficial dentro do EEES.
- Ser profesionais de recoñecida e de acreditada experiencia laboral, sempre que a citada experiencia estea relacionada coas competencias inherentes ao título e cumpran os requisitos de acceso á universidade segundo a normativa vixente. O acceso por esta vía debe ser autorizada pola Comisión de Estudos Propios co informe previo da dirección académica do título.

REQUISITOS DE ACCESO AOS TÍTULOS MODULARES: Non procede

### 3.2. PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA

DATA DE INICIO PREINSCRIPCIÓN: <b>03/06/2024</b>	
DATA DE REMATE PREINSCRIPCIÓN: <b>24/06/2024</b>	
DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA: 1) Título ou títulos académicos de nivel superior, ou título que acredite ter superados 120 créditos ECTS dunha titulación universitaria oficial dentro do EEES 2) Expediente académico 3) Certificados de formación específica 4) Documentos que acrediten a experiencia profesional relacionada 5) Acreditación dos coñecementos de lingua galega 6) Carta de motivación(só se solicitará se o número de persoas preinscritas supera o de prazos)	
PROBAS DE ADMISIÓN: Non procede	
CRITERIOS DE ADMISIÓN:	PONDERACIÓN (%):
1) Titulación de acceso	15
2) Nota media do expediente académico	15
3) Formación específica	15
4) Experiencia profesional relacionada	15
5) Competencia en lingua galega	25
6) Carta de motivación/entrevista persoal	15
7)	
DATA DE INICIO MATRÍCULA: <b>25/06/2024</b>	
DATA DE REMATE MATRÍCULA: <b>05/07/2024</b>	

### 3.3 PREZOS PÚBLICOS:

<b>PREZO DO TÍTULO DE EXPERTO:</b>		
Xeral: 800€	Comunidade Universitaria e desempregados/as: 680€	Comunidade Alumni: 720€
<input type="checkbox"/> Axudas ao estudo	NUMERO DE AXUDAS:	CONTÍA:

<b>PREZO DO TÍTULO MODULAR: Non procede</b>		
Xeral: €	Comunidade Universitaria e desempregados/as: €	Comunidade Alumni: €
<input type="checkbox"/> Axudas ao estudo:	NUMERO DE AXUDAS:	CONTÍA:

## 4. COORDINACIÓN

**COORDINADORA DO TÍTULO:**

NOME: Ana Luna Alonso

NIF: 36075916W

CATEGORÍA: Profesora titular de universidade

DEPARTAMENTO: Tradución e Lingüística

CORREO-E: aluna@uvigo.gal

Nº TELÉFONO: 619107720



## 5. PROGRAMA ACADÉMICO

### 5.1. MATERIAS DO CURSO:

MÓDULO/ESPECIALIDADE	Obrigatoria	NOME DA MATERIA	ECTS
1	<input checked="" type="checkbox"/>	O sector do libro e da edición en Galicia	3
2	<input checked="" type="checkbox"/>	Produción editorial	4
3	<input checked="" type="checkbox"/>	Deseño editorial	3
4	<input checked="" type="checkbox"/>	Preedición e preimpresión	2
5	<input checked="" type="checkbox"/>	Comercialización e comunicación	3
	<input checked="" type="checkbox"/>	Traballo de fin de título	1
<b>TOTAL ECTS OFERTADOS:</b>			<b>16</b>

## 5.2. PRÁCTICAS EN EMPRESAS:

Xustificación da necesidade das prácticas e o seu valor docente

Listaxe de empresas nas que se desenvolverán as prácticas

## 5.3. SISTEMAS DE APOIO E ORIENTACIÓN DOS ESTUDANTES

- Titorías por parte da coordinación do título propio
- Espazo virtual do título propio en Moovi
- Titorías do profesorado en modalidade virtual

## 5.4. CALENDARIO E HORARIO

O curso desenvolverase entre o 9 de setembro de 2024 e o 24 de xaneiro de 2025.  
Haberá dúas sesións semanais de 4 horas. Unha sesión será presencial, e outra, en modalidade virtual síncrona. Cada semana, as sesións serán de dous módulos distintos a fin de facilitar ao alumnado a elaboración de tarefas dunha semana para a seguinte.

## 5.5. CALENDARIO DE AVALIACIÓN

A avaliación comprende a avaliación por materia e a avaliación xeral do curso.  
A avaliación por materia consistirá na avaliación da propia participación activa na clase e na elaboración dunha tarefa final coas distintas prácticas elaboradas durante a materia.  
A avaliación xeral do curso consistirá na avaliación do portafolio elaborado pola/o estudante con cada unha das tarefas finais de materia.  
O alumnado disporá de dúas oportunidades de avaliación por materia.  
No caso de non superar o ensino do título propio, o estudantado poderá solicitar un certificado de asistencia tras xustificar a súa necesidade. Neste certificado faranse constar as materias superadas e non-superadas.

## 5.6. RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS

Non procede

## 5.7. CONDICIÓN DE TERMINACIÓN

Para acadar o título, a/o estudante deberá superar cada unha das avaliacións da materia e a avaliación final.

## 6. PERSOAL DOCENTE

### 6.1. PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(De acordo con artigo 22 do regulamento, polo menos, o 25% dos ECTS do título deben ser impartidos por profesorado da UVigo)

NOME	APELIDOS	Doutor/a	Área de coñecemento	Perfil/méritos en relación co título
Ana	Luna Alonso	<input checked="" type="checkbox"/>	Tradución	Profesora titular de Tradución. Integrante do grupo de investigación Bitraga. Especialista en políticas editoriais de tradución. Docente de diversas materias de tradución e, en particular, de tradución editorial en grao e mestrado
Patricia	Buján Otero	<input checked="" type="checkbox"/>	Tradución	Profesora asociada de Tradución. Integrante do grupo de investigación Bitraga.   Tradutora, correctora e editora (Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega)

## 6.2.PERSOAL DOCENTE DOUTRAS UNIVERSIDADES

NOME	APELIDOS	Doutor/a	Área de coñecemento	Perfil/méritos en relación co título
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		
		<input type="checkbox"/>		

## 6.3. PERSOAL DOCENTE EXTERNO

NOME	APELIDOS	Doutor/a	Empresa/institución	Perfil/méritos en relación co título
Isidro	Dozo Valladares	<input type="checkbox"/>	Catro Ventos Editora	Licenciado en Publicidade e Comunicación pola Universidade de Vigo. Máis de 20 anos de experiencia en comunicación. Co-fundador en 2016 de Catro Ventos Editora. Premio Galego aos Valores Cooperativos en 2021.
Xosé Antón	González Serén	<input type="checkbox"/>	Autónomo	Licenciado en Historia. Mestrado en Edición de Libros da Universidade de Salamanca. 20 anos de experiencia profesional na edición (entre outros, Obradoiro-Santillana, Através Editora)
Cibrán	Rico López	<input type="checkbox"/>	Describir / Fabulatorio	Licenciado en Arquitectura pola ETSA da Universidade da Coruña. Membro do estudo de deseño describir, cuxos traballos acadaron múltiples premios nacionais e internacionais (14 LAUS do ADG-FAD, 2 D&AD Awards, 3 premios Paraugas do Clúster de Comunicación de Galicia e premio PhotoEspaña 2014), o máis recente, en 2022, o Premio Galicia de Innovación e Deseño na categoría Deseño. Cofundador en 2012 de Fabulatorio, editora especializada en proxectos de arte, deseño e cultura visual.
Laura	Sáez	<input type="checkbox"/>	Patasdepeixe Editora	Licenciada en Tradución. Mestrado en Edición da USC. Editora. Fundadora da editorial Patas de Peixe, editora que desde hai 14 anos publica libro ilustrado infantil.
Suso	Vázquez Gómez	<input type="checkbox"/>	Describir / Fabulatorio	Licenciado en Arquitectura pola ETSA da Universidade da Coruña. Membro do estudo de deseño describir, cuxos traballos acadaron múltiples premios nacionais e internacionais (14 LAUS do ADG-FAD, 2 D&AD Awards, 3 premios Paraugas do Clúster de Comunicación de Galicia e premio PhotoEspaña 2014), o máis recente, en 2022, o Premio Galicia de Innovación e Deseño na categoría Deseño. Cofundador en 2012 de Fabulatorio, editora especializada en proxectos de arte, deseño e cultura visual.

## 7. PREVISIÓN ECONÓMICA:

### 7.1.Previsión de ingresos

A previsión dos ingresos debe cubrirse na pestana ingresos do ficheiro Excel “Prevision\_economica\_experto”

### 7.2.Previsión de gastos

A previsión dos gastos debe cubrirse nas pestanas de Gastos de coordinación, Axudas, Pagos docentes Uvigo, Pagos docentes externos, Recurso e desprazamentos do ficheiro “Prevision\_economica\_experto”

### 7.3.Orzamento

<b>INGRESOS DO TÍTULO:</b>	<b>12.410,00 €</b>
----------------------------	--------------------

<b>GASTOS DO TÍTULO</b>	
Coordinación	300,00 €
Axudas ao estudo	0,00 €
Pago docentes UVIGO	4.880,00 €
Pago docentes externos	7.080,00 €
Recursos	0,00 €
Desprazamentos	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>12.260,00 €</b>

A estimación de ingresos faise a partir do número mínimo de persoas matriculadas. Caso de superar os ingresos por maior número de matrículas, o excedente destinarase —na proporción que se considere— a adquirir material bibliográfico e licenzas de software (segundo demandar o profesorado), así como a organizar encontros con persoas especialistas do sector.

## 8. COMENTARIOS E OBSERVACIÓNS:

As axudas de matrícula estarán reservadas a estudiantado que estea a cursar simultaneamente o Máster en Tradución para a Comunicación Internacional.

## 9. APROBACIÓN DO CENTRO ORGANIZADOR:

O consello da Facultade, Escola, Instituto, Departamento con motivo da súa reunión do pasado día  
Faga click para engadir unha data

Acordou INFORMAR FAVORABLEMENTE a memoria de solicitude do Título de Experta/o en Edición

a implantar no curso académico 2024-2025, nos termos que se expresan na documentación que se  
acompaña a este acordo.

Así mesmo, póñense ao dispor deste título propio os seguintes medios e infraestruturas:

Especificar as aulas, laboratorios, salas ou outras infraestruturas

Sinatura electrónica do Decano/a ou Director/a



## 10.SINATURA ELECTRÓNICA DOS COORDINADORES DO TÍTULO:

<p>Fdo. Ana Luna Alonso Coordinador/a</p>	<p>Fdo. Co-Coordinador/a</p>
---	----------------------------------

## 11.ANEXOS:

Esta proposta acompáñase dos seguintes documentos en formato electrónico:

- Fichas das materias en formato Word (modelo Ficha\_materia\_experto.doc)
- Ficheiro Excel da proposta económica (Prevision\_economica\_experto.xlsx)
- Ficheiro en formato Excel da planificación docente (Planificacion\_docente\_experto.xlsx)
- Curriculum abreviado dos profesores externos
- Convenios de colaboración con outras entidades
- Contratos de patrocinio
- Outros: especificar

### Modificación da proposta

O/A coordinador/a deberá solicitar ao Servizo de Posgrao calquera modificación da presente proposta para a súa aprobación pola Comisión de Estudos Propios.

### Cancelación do título

O/A coordinador/a é responsable de comunicar, tanto aos estudantes inscritos no curso como ao Servizo de Posgrao de Universidade de Vigo, a cancelación do mesmo con, polo menos, quince días naturais de antelación á data de comezo.

## Tratamento de datos persoais

### 1. Responsable do tratamento:

A Universidade de Vigo é a responsable do tratamento dos datos de carácter persoal e cumpre cos principios de transparencia e información conforme aos artigos 12 e 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPd) e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

### 2. Finalidades:

Os datos persoais facilitados serán tratados coas seguintes finalidades:

- Encargo da docencia dos títulos propios
- Alta do profesorado nas plataformas administrativas e de xestión da Universidade de Vigo
- Alta do profesorado nas plataformas de teledocencia da Universidade de Vigo
- Certificacións de docencia

### 3. Lexitimación:

A Universidade de Vigo está lexitimada para o tratamento da información persoal de acordo cos principios de licitude sinalados no artigo 6 do RXPd, e especialmente en cumprimento de obrigas legais, dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos. O tratamento está amparado, principalmente, na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades para a prestación do servizo de educación superior que ten encomendada, así como en toda a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, a Universidade está lexitimada pola Lei 6/2013, de 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, os Estatutos da Universidade de Vigo e a súa normativa de desenvolvemento.

### 4. Cesiões:

Os datos so serán cedidos nos casos previstos legalmente cando sexa necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.

Os datos serán cedidos a outras administracións e organismos públicos para o exercicio das competencias que lles sexan propias e compatibles coas finalidades enunciadas.

### 5. Prazos de conservación:

Estes datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas finalidades para as que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación.

### 6. Dereitos:

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderanse exercer mediante solicitude dirixida ao reitor e presentada electronicamente a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente empregando o procedemento específico SXER – Exercicio de dereitos sobre protección de datos) ou ben presencialmente ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera dos rexistros e oficinas indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra).

7. Máis información:

Pode consultar máis información sobre a protección de datos na Universidade de Vigo en <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>